



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

ACTA

ÓRGANO COLEXIADO	PLENO	
TIPO DE SESIÓN	EXTRAORDINARIA	
LUGAR	SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO	
DATA	17.08.2021	
HORARIO INICIO	12:30 H.	
HORA FINALIZACIÓN	12:54 H	
ASISTENTES		
	CONCELLEIROS ELECTOS	DNI
PP	Dna. María Jesús Novo Gómez	44814623C
	Dna. Patricia Taboada García	47374521H
	D. Manuel José Nieto Sesar	79332926S
	D. Jesús José Fernández García*	45908046T
	Dna. Fátima Espiño Lojo	49206076Z
	D. Javier Costoya Souto	79329690E
PSOE	Dna. Sandra Sánchez Iñiguez	79336069F
	Dna. Ana Ledo Fernández	36150633S
	D. José Antonio Somoza Enjamio	22746836C
BNG	D. José Luís Rivas Cruz	33804443D
	-----	-----
AUSENTES		
BNG	Dna Ana María Aguión Sandá	78793953R
SECRETARIO: D. Jorge Boado Fernández		
ORDE DO DÍA		
1. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº15/2021. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº3/2021. IMPORTE: 14.568,8 €uros.		
2. APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "MELLORA DO FIRME DA PISTA PARAVICO-HOSPITAL E OUTRAS" POS+ 2021.		
3. APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.		

No Salón de plenos da Casa do Concello de Boimorto, sendo a hora e data indicada, reúnen, previamente convocados ao efecto, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26.05.2019.

Acto seguido dáse comezo a sesión e procédese ao tratamento dos puntos da orde do día:

1. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº15/2021. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº3/2021. IMPORTE: 14.568,8 €.-

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO:	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº15/2021.
	SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº3/2021.
IMPORTE:	14.568,8





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o expediente de modificación orzamentaria tramitado no que constan os seguintes antecedentes documentais:

Memoria - proposta económico/técnica xustificativa do suplemento de crédito asinada pola Alcaldía.

Informe de Secretaría - Intervención respecto da proposta de modificación.

Considerando os preceptos legais aplicables a este tipo de expediente:

- Artigo 177 e DA décimo sexta do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 35, 36, 37 e 38 do RD 500/1990, do 20 de abril.
- Base 12ª das Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Boimorto.
- Artigo 32 da LO 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

E finalmente, tendo en conta:

- Os datos resultantes da liquidación do orzamento do exercicio anterior ao vixente en canto ao superávit, RLTGX, nivel de endebedamento e obrigas pendentes de aplicación.
- E que de forma ordinaria o órgano municipal competente para a adopción da modificación orzamentaria proposta é o Pleno do Concello de Boimorto.

En consecuencia, en base ao todo exposto, esta Alcaldía, eleva ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria, subexpediente de suplemento de crédito que se indica no encabezado do presente decreto, co seguinte detalle:

SC VINCULADO AO SEGUINTE EXP.:	ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN	
	ORGANISMO:	Xunta de Galicia - Consellería Presidencia, Xustiza e Turismo.
	IMPORTE:	7.268,41 (75%).
	OBJECTO:	"Mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos no Camiño de Santiago."
	R.E./PUBLICACIÓN/CONVENIO:	Núm. 1186 - 26.07.2021
IMPORTE DO SC:	2.442,8	
FONTE FINANCIACIÓN DO SC:	RLTGX por importe de 2.442,8	
ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	
162.60900	2.442,8	
TOTAL	2.442,8	

SC VINCULADO AO SEGUINTE EXP.:	ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN	
	ORGANISMO:	Xunta de Galicia - Dirección Xeral de Adm. Local.
	IMPORTE:	29.999,99 (75%).
	OBJECTO:	Fondo de compensación ambiental - liña concorrencia competitiva: "Mellora de saneamento en Vilanova."
	R.E./PUBLICACIÓN/CONVENIO:	Núm. 1061 e data 01.06.2021
IMPORTE DO SC:	10.000,00	
FONTE FINANCIACIÓN DO SC:	RLTGX por importe de 10.000,00	
ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	
160.61900	10.000,00	
TOTAL	10.000,00	



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

SC VINCULADO AO SEGUINTE EXP.:	ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN	
	ORGANISMO:	Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade
	IMPORTE:	13.750 (86,6 %)
	OBXECTO:	Contratación por 9 meses dun peón, para dar cobertura aos traballos recollidos na memoria presentada ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 - APROL.
	R.E./PUBLICACIÓN/CONVENIO:	DOG núm. 73 do 20/04/2021.
IMPORTE DO SC:	2.126	
FONTE FINANCIACIÓN DO SC:	RLTGX por importe de 2.126	
ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	
170.16000	2.126	
TOTAL	2.126	

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos mesmos e tendo en conta que se dan razóns que fundamentan a necesidade urxente de execución destes gastos.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do Orzamento municipal para o vixente exercicio, crédito para estes gastos no capítulo 6 ao estar as aplicacións orzamentarias non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLFL e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o presente acordo de aprobación inicial como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que o presente acordo supón tamén, no seu caso, modificación do anexo de inversións do orzamento municipal vixente.”

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

A Alcaldía - Presidencia explica o punto indicando que a modificación orzamentaria é precisa tramitala para facer fronte as achegas municipais necesarias respecto das obras que se detallan e que afectan ao camiño de Santiago e en materia de saneamento así como a achega que procede na subvención de APROL deste exercicio.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR: (6)**
 - Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto e Dna. Fátima Espiño Lojo (6 - PP).
- **ABSTENCIÓN: (4)**
 - Dna. Sandra Sánchez Iñiguez, Dna. Ana Ledo Fernández e D. José Antonio Somoza Enjamio (3 - PSOE).
 - D. José Luís Rivas Cruz (1- BNG)

• **EN CONTRA:**





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

"ACORDO

ASUNTO:	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº15/2021.
	SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº3/2021.
IMPORTE:	14.568,8

Visto o expediente de modificación orzamentaria tramitado no que constan os seguintes antecedentes documentais:

Memoria - proposta económico/técnica xustificativa do suplemento de crédito asinada pola Alcaldía.
Informe de Secretaría - Intervención respecto da proposta de modificación.

Considerando os preceptos legais aplicables a este tipo de expediente:

- Artigo 177 e DA décimo sexta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 35, 36, 37 e 38 do RD 500/1990, do 20 de abril.
- Base 12ª das Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Boimorto.
- Artigo 32 da LO 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

E finalmente, tendo en conta:

- Os datos resultantes da liquidación do orzamento do exercicio anterior ao vixente en canto ao superávit, RLTGX, nivel de endebedamento e obrigas pendentes de aplicación.
- E que de forma ordinaria o órgano municipal competente para a adopción da modificación orzamentaria proposta é o Pleno do Concello de Boimorto.

En consecuencia, en base ao todo exposto, esta Alcaldía, eleva ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria, subexpediente de suplemento de crédito que se indica no encabezado do presente decreto, co seguinte detalle:

SC VINCULADO AO SEGUINTE EXP.:	ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN	
	ORGANISMO:	Xunta de Galicia - Consellería Presidencia, Xustiza e Turismo.
	IMPORTE:	7.268,41 (75%).
	OBXECTO:	"Mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos no Camiño de Santiago."
	R.E./PUBLICACIÓN/CONVENIO:	Núm.1186 - 26.07.2021
IMPORTE DO SC:	2.442,8	
FONTE FINANCIACIÓN DO SC:	RLTGX por importe de 2.442,8	
ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	
162.60900	2.442,8	
TOTAL	2.442,8	

SC VINCULADO AO SEGUINTE EXP.:	ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN	
	ORGANISMO:	Xunta de Galicia - Dirección Xeral de Adm. Local.
	IMPORTE:	29.999,99 (75%).
	OBXECTO:	Fondo de compensación ambiental - liña concorrencia competitiva: "Mellora de saneamento en Vilanova."



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

	R.E./PUBLICACIÓN/CONVENIO:	Núm. 1061 e data 01.06.2021
IMPORTE DO SC:	10.000,00	
FONTE FINANCIACIÓN DO SC:	RLTGX por importe de 10.000,00	
ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	
160.61900	10.000,00	
TOTAL	10.000,00	

SC VINCULADO AO SEGUINTE EXP.:	ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN	
	ORGANISMO:	Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade
	IMPORTE:	13.750 (86,6 %)
	OBXECTO:	Contratación por 9 meses dun peón, para dar cobertura aos traballos recollidos na memoria presentada ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 - APROL.
	R.E./PUBLICACIÓN/CONVENIO:	DOG núm. 73 do 20/04/2021.
IMPORTE DO SC:	2.126	
FONTE FINANCIACIÓN DO SC:	RLTGX por importe de 2.126	
ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	
170.16000	2.126	
TOTAL	2.126	

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos mesmos e tendo en conta que se dan razóns que fundamentan a necesidade urxente de execución destes gastos.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do Orzamento municipal para o vixente exercicio, crédito para estes gastos no capítulo 6 ao estar as aplicacións orzamentarias non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLFL e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o presente acordo de aprobación inicial como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que o presente acordo supón tamén, no seu caso, modificación do anexo de inversións do orzamento municipal vixente."

2. APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "MELLORA DO FIRME DA PISTA PARAVICO-HOSPITAL E OUTRAS" POS+ 2021.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "MELLORA DO FIRME DA PISTA PARAVICO-HOSPITAL E OUTRAS" POS+ 2021

Visto o requerimento de documentación da Deputación da Coruña con rexistro de entrada número 202100000001168 en data 22/07/2021, en relación co investimento "Mellora do firme da pista Paravico-Hospital e outras" incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, no que comunica que o concello presentou a Resolución de autorización outorgada pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) con data 26/05/2021, así como informe técnico relativo aos condicionantes contidas nesta.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Unha vez revisado a documentación por técnico da Deputación considera necesario a redacción dun proxecto modificado desta obra onde se conteñan e integren as condicións particulares sinaladas na Resolución de autorización outorgada pola Axencia Galega de Infraestruturas o 26/05/2021.

Visto o modificado do proxecto de D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 22.992 cun presuposto de execución por contrata de 89.639,33 €uros.

Visto que é necesario aprobar a modificación do proxecto polo Pleno da Corporación ao ser unha obra financiada pola Deputación Provincial a través do Plan de obras e servizos de 2021

Realizado ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar o modificado do proxecto de obra “Mellora do firme da pista Paravico-Hospital e outras” cun orzamento de execución por contrata de 89.639,33 €uros.*

SEGUNDO.- *Dar traslado á Deputación da Coruña para a súa constancia e trámites oportunos.”*

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

A Alcaldía - Presidencia explica o punto indicando que a modificación do proxecto débese a uns problemas coa autorización da AXI respecto da colocación dunha reixa...unha cuestión moi menor, pero que procedimentalmente procede tramitar a modificación, polo demais o proxecto non presenta ningún problema máis.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz toma a palabra e pregunta ¿neste POS vai o arranxo da Ponte de Brates, esta caendo, algún día vaíse producir unha desgracia?

A Alcaldía - Presidencia contesta indicando que neste intre non se sabe se vai neste proxecto ou vai noutro, non se lembra ben. De todos os xeitos tiveronse conversas co Alcalde do Concello de Mesía coa intención de poñer solución ao asunto.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR: (6)**
 - Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto e Dna. Fátima Espiño Lojo (6 - PP).
- **ABSTENCIÓN: (4)**
 - Dna. Sandra Sánchez Iñiguez, Dna. Ana Ledo Fernández e D. José Antonio Somoza Enjamio (3 - PSOE).
 - D. José Luís Rivas Cruz (1- BNG)
- **EN CONTRA:**

“ACORDO

APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MELLORA DO FIRME DA PISTA PARAVICO-HOSPITAL E OUTRAS” POS+ 2021

Visto o requerimento de documentación da Deputación da Coruña con rexistro de entrada número 20210000001168 en data 22/07/2021, en relación co investimento “Mellora do firme da pista Paravico-Hospital e outras” incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

2021, no que comunica que o concello presentou a Resolución de autorización outorgada pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) con data 26/05/2021, así como informe técnico relativo aos condicionantes contidas nesta.

Unha vez revisado a documentación por técnico da Deputación considera necesario a redacción dun proxecto modificado desta obra onde se conteñan e integren as condicións particulares sinaladas na Resolución de autorización outorgada pola Axencia Galega de Infraestruturas o 26/05/2021.

Visto o modificado do proxecto de D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 22.992 cun presuposto de execución por contrata de 89.639,33 €uros.

Visto que é necesario aprobar a modificación do proxecto polo Pleno da Corporación ao ser unha obra financiada pola Deputación Provincial a través do Plan de obras e servizos de 2021

Realizado ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o modificado do proxecto de obra "Mellora do firme da pista Paravico-Hospital e outras" cun orzamento de execución por contrata de 89.639,33 €uros.

SEGUNDO.- Dar traslado á Deputación da Coruña para a súa constancia e trámites oportunos."

3. APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL

Vista a circular da Deputación Provincial da Coruña para elaborar o POS+ 2021 (Plan único de Concellos). Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Boimorto en data 02/02/2021 respecto do antedito plan provincial.

Visto a nova circular da Deputación Provincial da Coruña sobre a elaboración do POS+ ADICIONAL 2/2021 por maior achega desta Deputación Provincial que tivo entrada o día 18.06.2021 co número 833.

Visto o Decreto de Alcaldía número 250/2021 de data 29.06.2021, no que se acorda:

<<1.- Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora da capa de rodaxe en Piñeiro e outras	142.457,28	0	142.457,28



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TOTAL	142.457,28	0	142.457,28
-------	------------	---	------------

Maior achega provincial asignada ao concello	206.146,88
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	142.457,28
Diferenza pendente para a 2ª Fase	63.689,60

Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello de Boimorto como órgano competente a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de firme da pista de acceso a Barral e outras	63.689,60	0	63.689,60
TOTAL	63.689,60	0	63.689,60

Maior achega provincial asignada ao concello	206.146,88
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	142.457,28
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	63.689,60

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

A Alcaldía - Presidencia explica o punto indicando que esta é a nova achega do POS.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz toma a palabra e pregunta ¿cal é o ámbito exacto da obra incluída neste plan? Entendo que hai máis pistas que necesitan un arranxo máis urxente.

A Alcaldía - Presidencia contesta indicando que vai dende Casas de Barral hacia a carretera da Mota, de todos os xeitos se quere maior precisión pode consultar o proxecto no concello cando queira.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR: (9)**
 - Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D. Javier Costoya Souto e Dna. Fátima Espiño Lojo (6 - PP).
 - Dna. Sandra Sánchez Iñiguez, Dna. Ana Ledo Fernández e D. José Antonio Somoza Enjamio (3 - PSOE).
- **ABSTENCIÓN: (1)**
 - D. José Luís Rivas Cruz (1- BNG)
- **EN CONTRA:**

“ACORDO

APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL

Vista a circular da Deputación Provincial da Coruña para elaborar o POS+ 2021 (Plan único de Concellos). Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Boimorto en data 02/02/2021 respecto do antedito plan provincial.

Visto a nova circular da Deputación Provincial da Coruña sobre a elaboración do POS+ ADICIONAL 2/2021 por maior achega desta Deputación Provincial que tivo entrada o día 18.06.2021 co número 833.

Visto o Decreto de Alcaldía número 250/2021 de data 29.06.2021, no que se acorda:

<<1.- Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora da capa de rodaxe en Piñeiro e outras	142.457,28	0	142.457,28
TOTAL	142.457,28	0	142.457,28

Maior achega provincial asignada ao concello	206.146,88
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	142.457,28
Diferenza pendente para a 2ª Fase	63.689,60

Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello de Boimorto como órgano competente a seguinte **PROPOSTA**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de firme da pista de acceso a Barral e outras	63.689,60	0	63.689,60
TOTAL	63.689,60	0	63.689,60

Mayor achega provincial asignada ao concello	206.146,88
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase	142.457,28
Mayor achega provincial aplicada na 2ª Fase	63.689,60

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía - Presidencia, levántase a sesión, a data e hora indicada no encabezado da presente acta, da que se estende a presente, do que eu, Sr. Secretario deste concello, dou fe.

Boimorto, 17.08.2021.

 Alcaldesa, Asdo.- María Jesús Novo Gómez	 O Secretario, Asdo.- Jorge Boado Fernández
--	---

Asdo.- Jorge Boado Fernández
Núm. 44811721/35/A/3015